

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

RESOLUCIÓN do 18 de decembro de 2020 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 14 de xullo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea, no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2019/20.

Mediante a Orde do 14 de xullo de 2020 pola que se aproban as bases e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea, no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2019/20, establecéronse as bases desta convocatoria.

De acordo co establecido no artigo 9 desta convocatoria, as solicitudes foron estudadas pola comisión avaliadora nomeada na propia orde de convocatoria, a cal acordou a exposición das listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas. As persoas interesadas poderán formular, durante un prazo de 10 días, as reclamacións ou emendar as carencias ou deficiencias detectadas na documentación achegada ante a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

Rematado este prazo, de acordo co establecido no artigo 12 das bases da convocatoria e atendendo á proposta elevada pola citada comisión avaliadora a través da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional,

RESOLVO:

Artigo 1

Concederlles axudas de mobilidade complementarias, no marco do programa comunitario Erasmus+, ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia que se relaciona no anexo I desta orde e pola contía que se especifica.

As axudas aboaranse na conta bancaria indicada pola persoa interesada, unha vez acreditado, mediante certificación, que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento nin-



gunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta certificación poderá ser substituída pola declaración responsable que figura dentro do anexo I da Orde do 14 de xullo, segundo se regula no artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2

O incumprimento total ou parcial, por parte das persoas beneficiarias, de calquera das condicións establecidas na Orde da convocatoria do 14 de xullo de 2020 (DOG do 29 de xullo) constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro polas persoas beneficiarias ou solicitantes, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2020

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

ANEXO I Proposta de concesións

Apelidos	Nome	Centro educativo	Contía
Agra Prado	Paula	Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo	825 €
Alonso Pazos	Laura	Conservatorio Superior de Música de Vigo	1.125 €
Ananín Vázquez	Marta	Conservatorio Superior de Música de Vigo	1.125 €
Bernal Gómez	Cristina	Conservatorio Superior de Música da Coruña	1.985 €
Castro Currás	Cristina	Conservatorio Superior de Música da Coruña	1.485 €
Dopazo Sánchez	Sara	Conservatorio Superior de Música da Coruña	1.485 €



Apelidos	Nome	Centro educativo	Contía
Fernández Gil	Miguel Antonio	Conservatorio Superior de Música da Coruña	1.985 €
Fernández Pombo	Brais	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia	1.000 €
Fernández Silvosa	Cristina	Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo	1.325 €
Fontán Correa	María del Carmen	E.S. de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia	1.155 €
García Castrillo	Yara	E.S. de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia	330 €
Gómez Bouzada	Desirée	Conservatorio Superior de Música de Vigo	1.485 €
López Canay	Samuel	Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso	500 €
Marín Castro	Irene	Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo	1.325 €
Mariño Insua	Brais	Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso	660 €
Martínez Rey	Ana	Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso	660 €
Méndez Amor	Amanda	Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso	660 €
Mínguez López	Sara	Conservatorio Superior de Música de Vigo	825 €
Olbes Corujo	María Lourdes	Conservatorio Superior de Música de Vigo	825 €
Ordóñez Valiña	Ana	Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso	500 €
Otero Fernández	Aldara	Conservatorio Superior de Música de Vigo	825 €
Outumuro Quintas	André	Conservatorio Superior de Música da Coruña	1.485 €
Pastoriza Cerviño	Alberto	Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso	500 €
Pena González	Michelle	Conservatorio Superior de Música de Vigo	1.485 €
Pérez Calvo	Andrea	Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso	660 €
Presedo López	Alejandra	Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo	825 €
Puente-Dodd Álvarez	Saúl	Conservatorio Superior de Música de Vigo	500 €
Quintillán Guance	Pablo	Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso	500 €
Rial Salgueiro	Óscar	Conservatorio Superior de Música de Vigo	1.630 €
Rodríguez Campelo	Lucía	Conservatorio Superior de Música da Coruña	1.985 €
Rodríguez Díaz	István	Conservatorio Superior de Música da Coruña	625 €
Rubines Miguéns	Martín	Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso	500 €
Ruso Pereiro	Judith	Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo	1.325 €
Sieiro Docampo	Clara	Conservatorio Superior de Música de Vigo	1.325 €
Suárez García	Laura	Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo	1.325 €
Trujillo Aguiar	Noel	Conservatorio Superior de Música de Vigo	1.755 €
Vérez Escudero	María	Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso	660 €
Vilchez Mercado	Jherry Yeltsin	Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo	825 €
Total			40.000 €

